

Estimadas familias:

Remitímoslles esta circular para informar da convocatoria de xuño dos exames de Cambridge.

**As datas** dos exames son estas: os alumnos de **Starters (4EP), Movers (5EP) e Flyers (6EP)** examinaranse o **3 de xuño** pola tarde, os alumnos de **KET, PET e FCE** examinaranse o **sábado 8 de xuño**. Os exames se realizarán no colexio. Máis adiante concretaremos os horarios.

**As taxas** do exame son: **Starters 58€, Movers 60€, Flyers 62€, KET 91€, PET 98€ e FCE 181€**. (Esta cota pasaríaa o colexio por domiciliación bancaria o 25 de abril). **A data límite para matricularse é o 7 de abril tanto para YLE (Starters, Movers e Flyers) como para Ket, Pet e FCE** (fóra destas datas o colexio xá non pode inscribir a ninguén)

Se deciden **non matricular** os seus fillos en ningún exame **non fai falla devolver ningún xustificante**, e toda aquela autorización recibida por escrito ou por mail supón a matrícula inmediata no exame e non hai posibilidade de devolución das taxas.

**Os alumnos de paraescolares** recibirán, xunto coa autorización, a recomendación do mestre para presentarse aos exames. A recomendación faise de maneira positiva e está baseada no traballo do alumno ata o momento. Por suposto, as posibilidades de aprobar dependerán de que siga nesta liña e deixando claro que a última decisión é sempre da propia familia.

**Matriculación: os alumnos, tanto de paraescolares ou non**, deberán mandar a autorización (escaneada ou copiada) con os datos cubertos ao coordinador de idiomas, **por mail ou ben entregalo en man ao propio coordinador**.

Para máis información ou consultar algunha dúbida poden contactar comigo no correo Raul.Prada@colegioapostol.com ou ben chamando ao número de idiomas: **615 63 01 91**.

Atentamente

Raúl Prada

Coordinador de idiomas

Eu \_\_\_\_\_ pai/nai do

alumno/a, \_\_\_\_\_ curso \_\_\_\_\_ autorizo o meu fillo a presentarse no colexio ao exame de \_\_\_\_\_ de Cambridge, e ao colexio a cargar por domiciliación bancaria as correspondentes taxas e ademais autorizo ao colexio a recoller o certificado expedido por Cambridge

DNI do alumno/a (se o ten) \_\_\_\_\_

DNI do pai/nai \_\_\_\_\_

Data de nascimento do/a alumno/a \_\_\_\_\_

Correo electrónico do pai/nai: \_\_\_\_\_